



Expte. 1632/613

ASUNTO: Convocatoria de sorteo e probas de acceso para alumnado de novo ingreso no curso 2024-2025 na Escola Municipal de Artes e Oficios

INFORME-PROPOSTA

Conforme ao disposto na Convocatoria do Curso 2024-2025, aprobada por Decreto da Concelleira delegada de Educación de data 08/05/2024 (expte. 1632/613), redáctase o presente informe para a convocatoria do Sorteo e Probas de acceso para alumnado de novo ingreso no curso 2024-2025 na Escola Municipal de Artes e Oficios de Vigo, con modificacións puntuais nos horarios, por erros materiais detectados no texto da Convocatoria Xeral do curso:

CURSO 2024-2025

CONVOCATORIA DE SORTEO E PROBAS DE ACCESO PARA ALUMNADO DE NOVO INGRESO NA EMAO

1. Calendario das probas de acceso e composicións das comisións de valoración

1.1. Calendario e horarios: Todas referidas a setembro de 2024.

Especialidade	Data	Letras (*)	Hora	Lugar (Aula)
ARTESANÍA EN COIRO	16/09/24	Do A ao M	16,00h	Aula Pintura
	16/09/24	Do N ao Z	17,00h	Aula Pintura
CAIM ZANFONA	16/09/24	Todos/as	16,00h	Aula CAIM
MODA E CONFECCIÓN	16/09/24	Do A ao F	16,00h	Aula Debuxo
	16/09/24	Do G ao M	17,00h	Aula Debuxo
	16/09/24	Do N ao Z	18,00h	Aula Debuxo
CAIM GAITA	17/09/24	Todos/as	16,00h	Aula CAIM
SERIGRAFÍA	17/09/24	Do A ao G	16,00h	Aula Debuxo
	17/09/24	Do H ao Z	17,00h	Aula Debuxo
OURIVARÍA	17/09/24	Do A ao G	16,00h	Aula Pintura
	17/09/24	Do H ao Z	17,00h	Aula Pintura
TALLA E ESCULTURA EN MADEIRA	17/09/24	Do A ao M	16,00h	Aula Talla e escultura
	17/09/24	Do N ao Z	17,00h	Aula Talla e escultura
DESEÑO E ENCAIXE DE PALILLOS	18/09/24	Todos/as	16,00h	Aula Pintura

(*) As letras que aparecen citadas refírense ao primeiro apelido das persoas solicitantes de praza, incluíndo á totalidade das persoas cuxo apelido comece pola letra indicada.

1. 2. Composición das comisións de valoración ao primeiro curso das especialidades de:

CAIM (Gaita e Zanfona):

Xefa do Servizo de Educación ou persoa en quen delegue

Xosé Feixó Cid, Xefe de Estudos, Secretario

Carlos Corral Fernández, Mestre de Gaita



Xaime Rivas Dacosta, Mestre de Zanfona
Lugar: Obradoiro de Gaita e Zanfona

Artesanía en Coiro:

Xefa do Servizo de Educación ou persoa en quen delegue
Xosé Feixó Cid, Xefe de Estudos, Secretario
Carlos Corral, Mestre de CAIM Gaita
José Pereira, Mestre de Artesanía do Coiro
Lugar: Aula de Pintura

Talla e escultura en madeira

Xefa do Servizo de Educación ou persoa en quen delegue
Xosé Feixó Cid, Xefe de Estudos, Secretario
Rosa García Martínez, mestra de Talla e escultura en madeira
Darío Basso, Mestre de Pintura
Lugar: Obradoiro de Talla e escultura en madeira

Ourivaría

Xefa do Servizo de Educación ou persoa en quen delegue
Xosé Feixó Cid, Xefe de Estudos
Sandra de Jesús, Mestre de Ourivaría
Emma González, Mestra de Moda e confección
Lugar: Aula de Pintura

Serigrafía artística

Xefa do Servizo de Educación ou persoa en quen delegue
Xosé Feixó Cid, Xefe de Estudos
Alba Pardo, Mestra de Serigrafía artística
Federico Fernández, Mestre de Debuxo artístico
Lugar: Aula de Debuxo

Moda e confección

Xefa do Servizo de Educación ou persoa en quen delegue
Xosé Feixó Cid, Xefe de Estudos
Emma González, Mestra de Moda e confección
Sandra de Jesús, Mestra de Ourivaría
Lugar: Aula de Debuxo

Deseño e encaixe de palillos

Xefa do Servizo de Educación ou persoa en quen delegue
Xosé Feixó Cid, Xefe de Estudos
Marian Nuñez, Mestra de Deseño e encaixe de palillos
José Pereira, Mestre de Artesanía en coiro
Lugar: Aula de Debuxo

2. Contidos das probas

As probas de acceso para as especialidades citadas terán dúas partes.

A primeira será un cuestionario no que o/a aspirante deberá cumprimentar preguntas xenéricas. Estas preguntas nunca serán referidas a cuestións técnicas sobre a especialidade.

A segunda parte será un exercicio práctico co material específico de cada especialidade, no que non se valorarán coñecementos específicos previos relativos á especialidade, senón conceptos, como habilidade, actitude, recursos e creatividade.

A nota final sairá da valoración conxunta do cuestionario e mais a proba práctica, e ponderarase conforme aos criterios que para cada especialidade se recollen no Anexo á presente convocatoria.



O tempo para realizar a proba de acceso a estas especialidades será aproximadamente de 30 minutos en total.

O aspirante presentarse no horario previamente publicado na web e mais no taboleiro de anuncios da escola (EMAO), segundo a especialidade. Deberá portar o DNI e un bolígrafo.

Segundo a asistencia, irán facendo a proba entrando por orde alfabética.

4. Sorteo para o acceso ás especialidades de Debuxo artístico e de Pintura

Segundo o previsto no Plan de Estudos e no apartado E) da Convocatoria do curso 2024-2025, para o acceso ás especialidades de Debuxo artístico e de Pintura realizarase un sorteo público o día 16 de setembro de 2024, ás 12.00 horas, na Biblioteca da EMAO. AFORO LIMITADO a 50 persoas.

5. Normativa contida no Plan de Estudos

“3.2.2.2. Proba de acceso

Esta modalidade de acceso está circunscrita ás especialidades das Áreas de Oficios Artísticos e a de Oficios Artesanais, sempre e cando existan menos prazas ofertadas que solicitantes.

Poderán presentarse a esta proba, aquelas persoas que teñan realizado a súa preinscrición na especialidade en cuestión, dentro dos prazos estipulados na Convocatoria anual e que figuren como tal no “listado de solicitantes de novo ingreso”.

A proba de acceso comporase, canto menos, de dúas partes:

- Un cuestionario no que o/a aspirante deberá cumprimentar preguntas xenéricas. Estas preguntas nunca serán referidas a cuestións técnicas sobre a especialidade.*
- Un exercicio práctico co material específico de cada especialidade no que se valorarán conceptos como habilidade, actitude, recursos e creatividade. Nesta proba non se valorarán coñecementos específicos previos relativos á especialidade.*

Con cada convocatoria anual publicaranse, para cada especialidade, os criterios de valoración e a súa ponderación na valoración final.

Trala realización da proba de acceso, unha comisión formada polo mestre/a da especialidade, o director/a, o xefe/a de estudos e outro/a mestre/a dunha especialidade da mesma área, seleccionará os alumnos/as que cubrirán as prazas ofertadas, establecendo, seguidamente, unha lista de reserva ordeada de maior a menor valoración, para o caso de existiren baixas entre os/as seleccionados/as”.

Á vista do texto da Convocatoria que antecede, PROPONSE acordar o seguinte:

Aprobar a Convocatoria de sorteo e probas de acceso para alumnado de novo ingreso no curso 2024-2025 na Escola Municipal de Artes e Oficios de Vigo

En Vigo, nas datas da sinatura dixital

O técnico Responsable de educación de adultos, director en funcións da EMAO.- Ignacio Ojea Pérez

Conforme,
A xefa do Servizo de Educación.- M^a José Loureiro Bada

Conforme,
A concelleira delegada de Educación.- Olga Alonso Suárez



DECRETO

Visto o informe-proposta que antecede

RESOLVO

Aprobar a Convocatoria de sorteo e probas de acceso para alumnado de novo ingreso no curso 2024-2025 na Escola Municipal de Artes e Oficios de Vigo

Vigo, na data da sinatura dixital

A concelleira da Área de Goberno, Elena Espinosa Mangana

Dou fe: A secretaria de Goberno Local, Susana Gallardo Fariña

ANEXO: CRITERIOS DE AVALIACIÓN DAS PROBAS DE ACCESO DO CURSO 2024-25

Especialidades nas que hai proba de acceso:

CAIM Gaita/CAIM Zanfona/Artesanía en coiro/Serigrafía artística/Cerámica artística
Deseño e Encaixe de palillos/Talla e escultura en madeira/Moda e confección

CRITERIOS

CAIM GAITA E ZANFONA

FACTORES	PUNTUACIÓN		MÍ N. EX.	%
	MÁXIM A	OBTID A		
CUESTIONARIO	35		75	26,00 %
ATENCIÓN COGNITIVA	15			11,00 %
ORGANIZACIÓN	15			11,00 %
PRECISIÓN	60			45,00 %
TEMPO	10			7,00%
TOTAL	135			100,0 0%

ARTESANÍA EN COIRO

1. PROBA DE ACCESO PARA BÁSICO OU INICIACIÓN

Questionario: Puntuación total 20%

- Veracidade das respostas- 5%
- Coherencia 5%
- Interese 5%
- Comprensión 5%

Proba Práctica: Puntuación total: 80%

- Fidelidade do Trazo 10%
- Visión Espacial 10%
- Precisión 10%
- Razoamento lóxico 10%
- Inxenio 10%
- Limpeza 10%
- Capacidade de representación 10%
- Orixinalidade 10%

SERIGRAFÍA ARTÍSTICA

Questionario: Puntuación total 50%.

- Actitude 12,5%
- Interese 12,5%
- Veracidade das respostas 12,5%
- Coherencia 12,5%

Proba práctica: Puntuación total 50%

- Grafomotricidade 15%
- Composición 10%

- **Creatividade 20%**
- Utilización de elementos formais plásticos 5%

DESEÑO E ENCAIXE DE PALILLOS

Cuestionario: Puntuación total 30%

- **Veracidade 6%**
- **Interese 6%**
- **Afinidade 6%**
- **Coherencia 6%**
- **Comprensión 6%**

Proba práctica: Puntuación total 70%

- **A proporción 20 %**
- **Composición e Cor 10%**
- **Creatividade 10 %**
- **Resolución co material 5 %**
- **A cor 20%**
- **Orixinalidade 5%**

TALLA E ESCULTURA EN MADEIRA

Cuestionario: Puntuación total 20%

- **Claridade de ideas 20%**

Proba práctica: Puntuación total 80%

- **Capacidade de análise e síntese; ata un 30% da nota**
- **Capacidade artística e creatividade do aspirante; ata un 50% da nota**

MODA E CONFECCIÓN

Cuestionario: Puntuación total 30%

- **Veracidade 7,5 %**
- **Coherencia 7,5 %**
- **Interese 11%**
- **Comprensión 4%**

Proba Práctica: Puntuación total: 70%

- **Grafomotricidade 14%**
- **Visión Espacial 18%**
- **Proporción 10 %**
- **Habilidade 12%**
- **Capacidade de concentración 16%**

OURIVARÍA

PROBA DE ACCESO PARA BÁSICO OU INICIACIÓN

Esta proba está composta por un cuestionario formado por seis preguntas, supón o 30% da puntuación total e unha proba práctica formada por seis exercicios que conforman o 70% da puntuación final.

Esta proba de acceso ten unha norma básica que debe cumprirse ao ser realizada, se a comisión considera que foi incumplida, a totalidade da proba será dada por nula e non se valorará.

Criterios do cuestionario:**Puntuación total 30%**

- Veracidade das respostas 6%
- Comprensión e resolución 6%
- Coherencia 6%
- Interese 6%
- Afinidade 6%

Criterios da proba práctica:**Puntuación total 70%**

- Capacidade grafomotriz, seguridade do trazo e limpeza 15%
- Capacidade de agudeza visual e medición 10%
- Capacidade de razoamento lóxico, comprensión e trazo 10%
- Capacidade de razoamento abstracto, trazo y limpeza 10%
- Capacidade espacial, razoamento e seguridade de trazo 10%
- Creatividade, Composición, Orixinalidade e Seguridade de trazo 15%